

SESION 1 DE DECEMBRO

DEZ RAZÓNS PARA USAR XOGOS DE MESA

Os xogos de mesa son unha ferramenta fundamental que, ademais de proporcionar moitas horas de diversión aos vosos fillos e fillas, fomentan neles habilidades cognitivas, motrices e de aprendizaxe.

Hai **xogos de mesa** de todo tipo e tamén hainos adecuados para nenos menores de seis anos, pois existen no mercado moitas opcións pensadas para pequenos que xa cumpriron os tres anos.

- Os xogos de mesa son xogos.

Os **xogos de mesa** son divertidos. Iso é o principal.

- Os xogos de mesa enriquecen a relación familiar

Os nenos o pasarán xenial e traballarán, sen ser conscientes, coñecementos e habilidades educativas e emocionais integrados, ademais, coa familia. Algo importantísimo para **enriquecer a relación familiar**.

- Os xogos de mesa ensinan matemáticas

Ao estar integradas no xogo, como ferramentas para o seu uso, o neno achégase a elas con alegría polo coñecemento, descubre un uso útil e empeza a **incorporar o pensamento matemático** de maneira vivencial.

- Os xogos de mesa ensinan a ler

Aínda que nos xogos de mesa para os nenos máis pequenos non é indispensable ler, nin se soe ter que usar esa habilidade, si imos **atopar letras e palabras** que, de maneira natural, irán coñecendo. Cando vaia crescendo desexará manexar xogos de maior complexidade nos que si será necesario ler tarxetas e instrucións.

- Os xogos de mesa ensinan a gañar e a perder

Ao estar xogando con nós podemos acompañalos no seu nerviosismo ou frustración, educalos para comprender esas emocións e, ao final, saber **perder con elegancia e gañar con xentileza**, gozando do proceso e aprendendo que o esforzo pode cambiar o resultado na próxima partida.

- Os xogos de mesa ensinan a cooperar

Mesmo nos xogos competitivos hai grandes oportunidades de cooperación, pois, no fondo, o obxectivo é común, o propio xogo. Os nenos axudarán a montar e recoller a partida, e verán como os máis expertos lles explican aos novatos a forma de xogo...

- Os xogos de mesa ensinan a resolver problemas

Todos os **xogos de mesa supoñen un problema que hai que resolver** e o propio xogo é a resolución dese problema. Esta aprendizaxe é importantísima tanto para a vida académica e escolar como para a propia vida dunha persoa.

- Os xogos de mesa ensinan a tomar decisións

Unha vez analizada a situación e os datos que manexa o xogador chega **o momento de tomar decisións**. Hai que actuar baseándose no que se sabe, e asumir o realizado, comprendendo despois se as consecuencias das nosas accións foron as desexadas.

- Aceptación e comprensión das normas

Unha parte importantísima no desenvolvemento correcto dun xogo é que todos os participantes **accepten e comprendan as normas**. E na vida imos descubrir que as normas, se son xustas e aceptadas por todos, son indispensables para as relacións humanas, sociais e económicas.

- Os xogos de mesa traballan a memoria

A memoria é unha das capacidades e habilidades cognitivas que máis se traballan en calquera xogo de mesa. Os nenos recordarán as regras do xogo, as súas partidas anteriores, as aprendizaxes que realizaron dos seus erros e acertos, e mesmo, en moitos deles necesitarán exercitar especificamente a memoria para recordar posicións ou xogadas.

Como se contou, existen **moitas razóns para introducir nos xogos de mesa aos nenos máis pequenos** e todas van reforzar o seu desenvolvemento cognitivo e emocional á vez que lles proporcionan horas e horas de diversión.

SESION 15 DE DECEMBRO

RESPONSABILIDADE DAS BORRACHEIRAS DOS MENORES

Se algo malo pasa, bebes para intentar esquecer; se algo bo pasa, bebes para festexar; e se nada pasa, bebes para facer que algo pase. (Bukowski)

Esta é unha situación que pasa moitas veces en determinados lugares, hai unha persoa que se dispón a mercar o licor pero.....é unha adolescente de 14 anos. Menuda, morena, sen pintar, con “brackets” nos dentes e o pelo recollido nunha coleta, esta aparenta os anos que ten. Nin un máis. Quizáis incluso algún menos. Pero a pesar disto, lle resulta moi sinxelo conseguir un venres pola noite [catro litros de cervexa, dous de viño, unha botella de Martini e outra de xinebra](#). Se quixese, podería acadar un arsenal de bebida que tumbaría a calquera bebedor empedernido. Ademais ao pasar por caixa ninguén lle pide o DNI, tendo que pedir a xinebra para que a traian, pois esta detrás do mostrador,e díronlla sen problema.

Atopámonos con que as **intoxicacións etílicas en menores por debaixo dos 13 anos** son cada vez máis moi frecuentes, e as de 12 ou menos anos xa non son una rareza. É unha traxedia que está aí, que moitos non queren ver pero que hai que parar". Cómo?

Invertindo o que faga falta en educación, en que cada un temos unha responsabilidade e unha obriga. Por TODOS os elementos da sociedade, empezando polos pais.

Xa que a ningún pai, sexa do credo político que sexa ou siga unha ou outra relixión, lle gustaría que eu lle chamara para dicirlle que o seu fillo está en urxencias intoxicado de alcohol. **Que probablemente lle quedarán secuelas durante o resto de su vida.** Ou que vai morrer...

Pero parece que a realidade é moito máis dura, os pais lle quitamos importancia, é algo que fan todos, o alcohol forma parte da nosa sociedade, todos teñen que emborracharse algunha vez,....Somos capaces de xustificar o inxustificable.

Pero algún de nós nos paramos a pensar na responsabilidade, legal e económica que isto ten. Temos una lei do alcohol do 2014 na que os pais deberíamos de saber:

Multarase aos pais se os seus fillos menores beben?

Sí. A forza sancionadora (ata 600.000 euros de multas) recaerá nos establecementos e empresas que cometan faltas moi graves de venta e suministro continuado de alcohol a adolescentes. Pero se podería multar aos proxenitores en determinados casos: por exemplo, cando se demostre a falta de dilixencia no coidado dos fillos menores que se atopen bébedos de forma reiterada co seu coñecemento ou se a Policía sorprende aos seus fillos bebendo. Neste este último caso a multa de 300 euros é para os menores, pero como están exentos de responsabilidade administrativa, son os pais quenes deberán responder economicamente. A multa podería cambiarse por traballos dos adolescentes en favor da comunidade. Como acudir a charlas ou axudar a vítimas de accidentes de tráfico nos que o alcohol estivo involucrado.

4

Perseguirase aos adultos que merquen alcohol para menores?

Os adultos que merquen en nome de menores enfrentanse a multas de entre 300 e 90.000 euros

Poderá facerse a proba do alcohol a un menor sen consentimento dos pais?

Para demostrar que un rapaz bebeu, a policía deberá facerlle soprar, como se fai cos conductores. Sempre ha de facerse co coñecemento dos titores ou pais. Anque os proxenitores non se poderán negar, unha vez informados. A negativa significará consumo probado, como na Lei de Seguridade Vial.

Cobrarase por facer a proba?

So se se pide unha análise comparativa para comprobar a veracidade dos primeiros resultados.

Horario restrinxido

A venta, so en locais autorizados. A venta de alcohol está prohibida entre as 22 horas e as 9 da mañá do día seguinte, unha medida que en parte axudou a poñer coto ao botellón. De todas xeitos, quedan excluídas desta prohibición a venta para o consumo nos establecementos autorizados, a venta electrónica, a venta para a distribución a profesionais e a venta nos mercados de abastos nos seus horarios autorizados.

É importante non ESQUECER, que temos unha obriga e responsabilidade cos nosos fillos e non podemos mirar para outro lado.

SESION 22 DE DECEMBRO

ENSINAR AOS NENOS A SER SOLIDARIOS EN NADAL

6

O Nadal é un bon momento para falar cos fillos da pobreza, das necesidades de moitos outros nenos, para involucralos na responsabilidade de acadar entre todos un mundo mellor. É un excelente momento para sacalos do egocentrismo da súa idade e levalos a imaxinarse o grande que é o mundo e o pequenos que somos nós.

CÓMO ENSINAR AOS NENOS A SER SOLIDARIOS

Un xesto deste tipo proposto polos pais e admitido polos fillos é realmente un xesto educativo pois conduce a xenerar unha actitude. Unha boa ocasión de promover actitudes solidarias é o momento de escribir a carta aos Reis Magos: pódese propoñer ao neno que pida para outro neno con máis necesidade algo que lle apetecía a él. Outra boa suxerencia é o intercambio de xoguetes ou pedir xoguetes para compartir co irmán, curmán, o amigo...

TRANSMITIR AOS NENOS O ESPÍRITU DO NADAL

Desde que son pequenos podemos ensinalles a discernir entre o que lles apetece «neste momento» e o que é realmente necesario. Sen deixar de reflexionar nós mesmos: E lóxico mercar todo o que nos piden os nenos?, responde aos nosos valores?, realmente podemos colmar de caprichos aos fillos?

Si de verdade queremos comunicar aos nenos o espírito do Nadal, habería que falarlles do que significa ser bo compañeiro, bo amigo, boa persoa. E dos dereitos dos demais, da dignidade das persoas, da igualdade, da paz, do amor ao próximo.

É momento de dar protagonismo a conceptos como ceder, esperar, coidar, repartir, poñerse no lugar do outro, ser cómplice, ser amable, ser educado. É unha boa época para entrenar na resistencia ao cumprimento da vontade individual, na resistencia á frustración. Para iso é preciso adoitar un estilo educativo baseado na comunicación fluida, o diálogo, a responsabilidade. E ter presente o que é xusto ou non, o que é accesorio ou necesario, tratando de sacar ao neno do se egoísmo e de facerle ver que, como membro dunha sociedade, dunha familia, dun colexio, ten dereitos e deberes.

EDUCAR NO VALOR DA SOLIDARIDADE

Trátase, en definitiva, dun modelo educativo alonxado do modelo autoritario e do permisivo.

O modelo ideal, de comunicación en familia, compaxina a autoridade baseada no diálogo co respecto ás características persoais do fillo. O que significa que pais e fillos son parte activa

do proceso educativo. O idóneo é que os pais ofrezan unha nimaxe de unidade e respecto mutuo no que transmiten. E que cumpran o principio de «educar co exemplo», o que supón que acorden previamente o tipo de educación que queren dar e as prioridades, segundo a súa escala de valores.